

CURSO

DESEÑO DE PROXECTOS SOCIOEDUCATIVOS CON PERSPECTIVA DE XÉNERO DESDE TRABALLO SOCIAL

DOSSIER INFORMATIVO



INDICE

1) Resumo do curso.....	2
2) Fundamentación.....	2
3) Obxectivos.....	3
4) Contidos formativos.....	3
5) Persoas destinatarias.....	4
6) Calendario	4
7) Metodoloxía.....	4
8) Avaliación	4
9) Docencia	5

NOTA: A renuncia ás prazas adxudicadas dará dereito á devolución da matrícula abonada, sempre que a comunicación se produza antes da finalización do prazo de inscrición do curso que se trata (en termos xerais antes dos cinco días naturais anteriores ao comenzo da acción formativa), ou por causa de forza maior jxustificada documentalmente.

1. RESUMO DO CURSO



50 horas



Online



Do 3 de abril ao 29 de maio de 2023



Colexiados/as: ~~56€~~, agora 28€
Non colex.: ~~76€~~, agora 56€

2. FUNDAMENTACIÓN

Contribuir á equidade e xustiza social para as/os traballadoras/es sociais constitúe un gran desafío nos diversos escenarios nos que actuamos. Carballeda (2002) danos pistas ao recoñecer a intervención no social en relación coa “praxe” como esa posibilidade de relacionar dialecticamente a teoría e a práctica, é dicir, que o noso quefacer ou práctica profesional estea en constante reflexión, que nos permita ver que facemos e como este quefacer impacta nos contextos nos que traballamos, levándonos a promover cambios ou movementos nas lóxicas das comunidades.

Neste sentido, o propósito deste curso é **brindar ferramentas conceptuais e metodolóxicas sobre a elaboración de proxectos socioeducativos** tendo en conta a perspectiva de xénero como un eixo transversal, posto que é pertinente que as/os profesionais que traballamos no social desenvolvamos cada día máis competencias para dar resposta ás diversas problemáticas sociais que afrontamos.

2. OBXECTIVOS

- Desenvolver competencias de intervención social desde unha perspectiva de xénero.
- Proporcionar coñecementos básicos sobre a elaboración de proxectos socioeducativos.
- Dar a coñecer estratexias de valoración de impacto e sistematización de experiencias de intervención.

3. CONTIDOS

Módulo 1. Introducción e presentación do curso

- Obxectivos do curso.
- Que é a investigación?.
- Enfoques e tipos de investigación social.
- Actividade práctica: Foro "A importancia da investigación en Traballo social" .

Módulo 2. A perspectiva de xénero na intervención socioeducativa

- Que é a perspectiva de xénero.
- Necesidades estratéxicas de xénero.
- Intereses estratéxicos de xénero.
- Actividade práctica: "A realidade con gafas violetas".

Módulo 3. Os proxectos socioeducativos: obxectivos e enfoques

- Proxectos socioeducativos:
 - Proxectos de intervención
 - Proxectos de investigación
- Actividade práctica: "Da idea ao proxecto".

Módulo 4. Deseño de proxectos socioeducativos

- Fases e estrutura.
- Técnicas de investigación.
- Ferramentas de busca de información.
- Actividade práctica: "Investigando a miña comunidade".

Módulo 5. Estratexias de monitoreo e avaliación

- A importancia da avaliación
- Técnicas para a avaliación de proxectos socioeducativos con perspectiva de xénero.

4. PERSOAS DESTINATARIAS

Alumnado e profesionais da disciplina do Traballo Social, como a outras persoas interesadas na temática.

5. CALENDARIO

Desde o 3 de abril ao 29 de maio de 2023.

6. METODOLOXÍA

Esta formación realizarase a través da plataforma de teleformación de Moodle do COTSG. Os/as participantes accederán aos contidos dos cinco módulos que se desenvolverán con lecturas e contido audiovisual en cada unidade. Ademais, cada módulo terá un exercizo práctico que posibilitará reflexionar sobre o aprendido en cada un deles.

7. AVALIACIÓN

A avaliación será continua no curso; en cada modulo as/os participantes realizarán unha breve actividade práctica. Tanto no primeiro módulo coma no último aplicarase un cuestionario para valorar as aprendizaxes acadadas.

8. DOCENCIA

Diana Escobar

Traballadora social con doutorado en Educación e Mestrado en investigación en educación, diversidade cultural e desenvolvemento comunitario pola Universidade de Santiago de Compostela.

Iniciou a súa experiencia profesional na ONG World Visión Internacional deseñando e implementando programas de desenvolvemento comunitario coa infancia e mulleres en situación de vulnerabilidade. Desempeñou labores de docencia no Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia e na Universidade Nacional Aberta e a Distancia UNAD.

Actualmente é parte do grupo de investigación de Pedagogía Social e Educación Ambiental, SEPA-Interea, da USC, recoñecido como Grupo de Referencia Competitivo (GR2013-018), no que participa desde o 2019 como investigadora no proxecto de I+D+i, financiado polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades de España, "CON_TIEMPOs: educación e conciliación para a equidade nos tempos escolares, familiares e sociais da infancia (RTI2018-094764-B-I00)".

As súas publicacións e liñas de investigación céntranse, fundamentalmente, nas seguintes temáticas: pedagogía social, liderado feminino, ocio e tempo libre na infancia, procesos de empoderamento e desenvolvemento comunitario.

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



981 568 100



info@traballosocial.gal



facebook.com/COTSdeGalicia



[cotsgalicia](https://instagram.com/cotsgalicia)